

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Diego A. Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Mendez Sanchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día catro de novembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Mendez Sanchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e nove de outubro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos sres concelleiros asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 29 de outubro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio do 18 de outubro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á xestión de biomasa. Expte UME/2019/13. DOG núm. 209 do 04-11-2019.
- Anuncio do 21 de outubro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á xestión de biomasa. Expte UME/2019/33 e un máis. DOG núm. 209 do 04-11-2019.
- Anuncio do 21 de outubro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á xestión de biomasa. Expte UME/2017/490. DOG núm. 209 do 04-11-2019.
- Anuncio do 25 de outubro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, -Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais- relativo á aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2020. BOP núm. 208 do 31-10-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13I018Q	USG/2019/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
680I 4L1L 6D6Y 1J3I 0CFH	

- Anuncio do 28 de outubro de 2019, do Concello e Culleredo, -Economía, Facenda e Réxime Inteior- relativo á trámite de audiencia aos interesados no procedemento de revisión de oficio acordo Xunta de Goberno Local 23/10/2017 (convocatoria e bases proceso selectivo de técnicos de xestión por promoción interna) BOP núm. 208 do 31-10-2019.
- Anuncio do 22 de outubro de 2019, do Concello e Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación das funcións da alcaldía o día 21.10.2019 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 209 do 04-11-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

SÁBADO 9 DE NOVEMBRO

Parque da Torre de Celas. A partir das 18.00 h:

GRAN FESTA DO MAGOSTO.

Castañas asadas, touciño á brasa, viño novo e queimada.

Actación do “Dúo Compás”

Organiza: Sociedade Cultural e Deportiva “O Cruceiro” de Celas, coa colaboración do Concello de Culleredo.”

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

- “Resolución núm. 1766 de data do 23/10/2019, pola que se require a D. R. L. S. a retirada do vehículo abandonado na R/. Francisco Largo Caballero, que ten a matrícula C-9897-BT.
- Resolución núm. 1767 de data do 23/10/2019, pola que se require a D. J. A. D. B. a retirada do vehículo abandonado na Avda. de Vilaboa, zona O Bosque, que ten a matrícula C-0520-BV.
- Resolución núm. 1773 de data do 23/10/2019, pola que se ordena á AENA SME SA, como propietario, a realización nos terreos situados na parcela coa referencia catastral 9636461NH4993N, a limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 1774 de data do 23/10/2019, pola que se ordena á M. P. R., como propietario, a realización nos terreos situados na parcela coa referencia catastral 15031A02200181, a limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 1775 de data do 23/10/2019, pola que se ordena á J. R. R., como propietario, a realización nos terreos situados na parcela coa referencia catastral 15031A05700102, a limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 1776 de data do 23/10/2019, pola que se ordena á M. G. R., como propietario, a realización nos terreos situados na parcela coa referencia catastral 15031A01700010, a limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.

Código do documento	Código do expediente
USG13I018Q	USG/2019/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
680I 4L1L 6D6Y 1J3I 0CFH	

- Resolución núm. 1968 de data do 23/10/2019, pola que se require a C. D. C. B. a retirada do vehículo abandonado na Avda. do Portádego, aparcadoiro do centro médico de Rutis, que ten a matrícula 8253BMH.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O Alcalde-Presidente,
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H